



MINISTERIO
DEL INTERIOR



SOLICITUDE DE NOVA MATRÍCULA

NOTA: A solicitude de nova matrícula só se admite cando o vehículo ten siglas doutra provincia distinta da do domicilio da persoa interesada. En todos os casos, deberá de solicitarse previamente a expedición dunha nova tarxeta de inspección técnica nunha estación de ITV.

IMPORTANTE: Antes de presentar en calquera xefatura un trámite, deberá solicitar cita previa

- **Solicitude** en impreso oficial (*impreso dispoñible en www.dgt.es*).
- **Taxa** por importe de 97,80 €. (Non se admite pagamento en metálico).
- **Identificación da persoa interesada:**
 - Persoas físicas: documento oficial que acredite a identidade e o domicilio da persoa titular (DNI, permiso de condución español, tarxeta de residencia, pasaporte máis número de identificación de estranxeiros).
 - Persoas xurídicas: tarxeta de identificación fiscal da sociedade e acreditar a representación e a identidade da persoa que asine (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).
 - Menores ou incapacitados: datos e sinatura do pai, nai ou titor, o seu DNI e o documento que acredite o concepto polo que actúen.
- **Documentación do vehículo:** permiso de circulación e tarxetas de ITV: a orixinal e a nova, na que se consignará a nova matrícula.
- **Casuística:**
 - Se se tramita a nova matrícula como consecuencia dun cambio de domicilio: xustificante do novo domicilio: tarxeta censal ou certificado de empadramento se o novo domicilio non figura no DNI.
 - Se se tramita cun cambio de titularidade, presentarse toda a documentación que se fai constar na folla informativa de "Cambios de titularidade".

NOTA:

*Se non presenta o trámite a persoa adquirente, será necesario acompañar unha autorización asinada por esta, xunto co seu DNI orixinal, na que se faga constar a gratuidade (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).*

A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para iso ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación de documentación.

En caso de ausencia de acreditación fidedigna dalgún dos datos arriba requiridos, poderá solicitarse documentación adicional.

Actualizada 05/07/2018